

PROXECTO DEFOMENTO DO USODOGALEGO

PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E USO DA LINGUA GALEGA.

CURSO 2020-21



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

IES RAMÓN OTERO PEDRAYO, A CORUÑA

COMPOSICIÓN DO EQUIPO E COLABORADORES

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES “Ramón Otero Pedrayo” que elabora o plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega está formado oficialmente polos seguintes membros:

Profesorado:

- X. Antón Amil García (Departamento de Lingua Galega) COORDINADOR
- Ánxeles Minguillón Díez (Departamento de Lingua Galega)
- Felix Longueira Fafián (Departamento de Xeografía e Historia)
- Dolores Rodríguez Saavedra (Departamento de E. Plástica e Visual)

Alumnado:

- Paula Parada Pérez, 3º ESO
- Xavier Loureiro Muíño, 4º ESO
- Paula Gallego Noya, 4º ESO

Persoal non docente:

- Obdulia Rivera Díaz

Profesorado colaborador:

- Laura Janeiro Rodríguez (Departamento de Lingua Galega)
- María Ánxeles Méndez Linares (Departamento de Lingua Galega)
- Susana Ferreira Varela (Departamento de Xeografía e Historia)
- Aitor Insuza Núñez (Departamento de Xeografía e Historia)
- Ana Campos Rey (Departamento de Francés e da Biblioteca)
- Sandra Noya Fraga (Departamento de Francés)
- Cillas M^a Rodríguez Bernal (Departamento de E. Plástica e Visual)
- Antonio Fernández Guiadanes (Departamento de Lingua Española)
- José Carlos Suarez (Departamento de Educación Física e Secretario)
- Patricia Barreiro León (departamento de Física e Química)
- M^a Carmen Lorenzo Villar (Departamento de Ciencias Naturais)
- Ana Casal Segade (Departamento de Matemáticas)
- Gala Curros (Departamento de Tecnoloxía)
- M^a Esther Rodríguez de la Peña (Departamento de Orientación)

Alumnado:

Contaremos cuns representantes do alumnado que actuarán como voceiros/as das actividades a realizar e das suxestións dos compañeiros/as, e participarán nalgunhas reunións cos demais membros do EDLG se for posible, inda que co sistema de recreos deste curso vai resultar difícil que se poidan reunir co resto do equipo. Serán propostos e escollidos polo coordinador do Equipo entre aqueles que manifesten maior sensibilidade co noso idioma e nalgún caso é posible que coincidan cos delegados/as de curso. Algúns destes representantes participarán como membros do xurado nos concursos que se realicen.

Para acadar os fins que figuran no plan xeral e específico que se expoñen a continuación, non só se conta co labor do Equipo de Dinamización, senón que se agarda a axuda de todos os membros da comunidade educativa, tanto nas actividades que se propoñen como na incorporación paulatina da lingua galega á vida do centro. De non ser así, non tería sentido ningún proceso normalizador nin ningún plan dinamizador.

Como en anos anteriores, **contamos co compromiso de colaboración de case todos os Departamentos didácticos** –Lingua Galega, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Física e Química, Matemáticas, Educación Plástica e Visual, Educación Física, Tecnoloxía, Francés, Música, Lingua Española, e Biblioteca, aos que se suma este ano o Departamento de Orientación, etc, para levar a cabo as actividades propostas, algunhas das cales foron suxeridas por ditos departamentos, e deixamos a porta aberta a todas aquelas persoas, país, nais ou departamentos que se queiran incorporar ao longo do curso a este proxecto. Tamén colaboraremos coa CGNDL, en especial cos equipos do noso contorno. Ademais, tentaremos entablar relacións coas entidades e asociacións culturais da redonda, coas Bibliotecas, en especial coa González Garcés por estar aquí ao noso carón, coa concellaría de cultura do Concello, co Forum Metropolitano, co Ágora e co Centro Cívico de Monelos para espallar certas actividades nosas ou aproveitar aquelas que nos poidan interesar das súas programacións.

Segundo o establecido no punto 4 do artigo 83 do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, Decreto 324/1996 do 9 de agosto, nel recollerase a relación de actividades programadas ordenadas cronoloxicamente para este curso nas que se concretan os obxectivos previstos tanto no **plan xeral** para o uso do idioma como no **plan específico** para a potenciación da presenza da realidade cultural galega.

PLAN XERAL DO USO DA LINGUA GALEGA

O **obxectivo xeral** deste plan é valorizar, dinamizar e fomentar o uso da lingua galega entre toda a comunidade educativa, coa participación no proceso de todos os membros que a integran: alumnado, profesorado, familias e persoal non docente. Para acadar dito obxectivo levaranse a cabo as seguintes **iniciativas**:

- Valorizar a nosa lingua, crear actitudes positivas cara ao galego e tentar acabar cos prexuízos lingüísticos existentes entre a comunidade escolar.
- Poñer en valor a nosa lingua e promover a utilización do galego por parte daqueles membros da comunidade escolar que, coñecendo a nosa lingua, non a usan habitualmente como idioma vehicular no instituto, e facilitarlles aos demais a súa incorporación ao uso da mesma tanto nas súas aulas como na vida cotiá.
- Promover o inicio do uso da lingua galega por parte daqueles membros da comunidade educativa que non teñen o galego como a súa lingua habitual.
- Favorecer o coñecemento da nosa lingua a aquelas persoas que proveñen de fóra da nosa Comunidade para unha máis fácil integración social e cultural.
- Facer visible e audible a nosa lingua en todos os contextos posibles como sinal de normalidade idiomática: reunións de claustro, consello, departamentos, etc ou en conferencias, cinema, teatro, atención telefónica, **exposicións**, deportes, música, vídeos, internet, redes sociais, medios de comunicación: xornais (NÓS DIARIO), radios, televisión, etc.
- Potenciar o mellor coñecemento da lingua galega para o seu emprego correcto, tanto a nivel oral como escrito como sinal de prestixio.
- Incidir para que as actividades de carácter extracurricular do Centro se desenvolvan integramente no noso idioma.
- Potenciar o emprego da lingua galega en todo tipo de actividades transversais do Centro: Plan lector, Plan TIC, Plan de convivencia, Plan de formación, Biblioteca, proxecto interdisciplinar, titorías...

- Promover a docencia en galego dos niveis e áreas do currículo que excedan do obrigado cumprimento como medida necesaria para garantir a efectiva adquisición da lingua polos que non a teñen comomaterna.
- Realizar unha campaña informativa da lexislación lingüística do galego que teña como obxectivo que as familias transmitan o galego aos fillos/as e que a lingua galega se use nas interaccións familiares e sociais. (*Ollos deAuga*)
- Solicitar das ANPAS o emprego do galego como lingua vehicular, fundamentalmente nos escritos que envían ás familias ou á prensa e enviarlles mensualmente a revista galega *Ollos de auga* da CGENDLG.

PLAN ESPECÍFICO PARA O ENSINO DA LINGUA GALEGA

Como **obxectivos específicos** para o curso 2020-2021 márcanse os seguintes:

- Coma en anos anteriores, coñecer cal é a realidade lingüística dos novos membros da comunidade escolar e comparala coa de cursos anteriores. Se se comprobasen diferenzas significativas faríase a correspondente análisesocio-lingüística.
- Implicar a todos os sectores e membros do instituto no proceso de normalización e no plandinamizador.
- Axudar aos integrantes do centro a resolver calquera dúbida relacionada co uso do idioma. Para iso tentaremos crear unha biblioteca específica que estea a disposición de todos os membros do claustro: guías de planificación, normas ortográficas, léxicos específicos, vocabularios e dicionarios (sinónimos, antónimos, de dúbidas, de equivalencias entre dous ou máis idiomas)...
- Dar a coñecer diverso material audiovisual e informático en galego, tradutores, correctores, páxinas web relacionadas coa nosa lingua e cultura, blogs, curtas ..., en particular a páxina da RAG, a da AS-PG, o Portal da Lingua Galega cos seus recursos e o Portal das palabras.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos en diversos soportes que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua galega e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz, principalmente aos membros da comunidade educativa que acaban de incorporarse.
- Prestar o apoio e asesoramento que se considere necesario ao alumnado que se acaba de incorporar a Galicia. Para este fin poderase utilizar como ferramenta de aprendizaxe a seguir o material elaborado para os CELGA 1 e 2 que se atopa na web da SXPL e no Depto de Orientación (PT), o que hai na rede (*SXPL, Portal da Lingua Galega, Portal das palabras, AS-PG, CGENDL, AELGA, RAG, Consello da Cultura ...* ou calquera outro que se propoña).
- Desenvolver actitudes positivas cara ás linguas e erradicar os prexuízos lingüísticos.

Polo tanto, o **obxecto** desta planificación lingüística é **garantir**:

- Que o alumnado que ten o galego como lingua habitual (moi escaso) poida manter a súa lingua e consolidar a competencia plenanela.
- Que o alumnado que ten o castelán como lingua habitual adquira unha boa competencia en galego; para este fin, favoreceranse os contextos formais e informais, docentes e non docentes, nos que o vehículo de comunicación sexa a linguagalega.
- Que todo o alumnado teña unha actitude positiva cara á utilización da lingua galega tanto en contextos formais como informais e que a vaia usando cada vez máis.
- Que descubran e valoren a nosa cultura e a nosa lingua a través do lecer: música, teatro, cinema, vídeos, redes sociais, blogs, deportes, xogos, etc

ACTIVIDADES

As **actividades** que se propoñen a continuación teñen como finalidade acadar os obxectivos que se marcan neste plan de potenciación da lingua galega, mais **este curso están condicionadas á evolución da pandemia e aos protocolos que teñamos que seguir polo COVID-19.**

Somos conscientes de que a situación epidemiolóxica non só está dificultando o desenvolvemento da actividade escolar diaria senón tamén as actuacións adoitabamos realizar fóra das aulas, entre outras, as saídas culturais organizadas polos equipos de dinamización da linguagalega.

Ante estas dificultades, acollémonos ao ofrecemento dalgunhas institucións como o Museo do Pobo Galego (MPG) ou o Museo Pedagóxico Galego (Mupega) que están reforzando os seus contidos virtuais e ofrecen novos servizos aos centros educativos. Así este curso podemos seguir visitas guiadas, ver exposicións, solicitar o préstamo de materiais etc. Atoparedes máis información en:

<http://www.museodopobo.gal/web/deac-visitavirtual.php>

<http://www.museodopobo.gal/web/nova.php?idnova=306>

<http://www.museodopobo.gal/web/visitavirtual.php>

<http://www.edu.xunta.gal/mupega/museo>

<http://www.edu.xunta.gal/mupega/visitavirtual>

<https://museos.xunta.gal/gl/visitavirtual-3d-museos>

Tamén atoparedes recursos relacionados co eido científico e coas festividades destas datas (Samaín, Magosto...):

<https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas->

[sinaladas/listado?tipo_recurso=Xestion/recurso/Dia_da_ciencia/](https://www.lingua.gal/sinaladas/listado?tipo_recurso=Xestion/recurso/Dia_da_ciencia/).
https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/listado?tipo_recurso=Xestion/recurso/Tempo_de_outono/.

No mesmo espazo dispoñedes, ademais de regras e marcapáxinas de Ricardo Carvalho Calero, das guías didácticas e os carteis gañadores do Concurso-Exposición Letras Galegas 2020 en cada unha das categorías premiadas. Para celebrármolos o Día das Letras Galegas o 31 de outubro, seravos moi útiles xa que podedes descargarlos e imprimilos ou proxectalos directamente na clase: <https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/dia-das-letras-galegas>.

Para rematar, animámosvos a que participedes en dúas iniciativas promovidas pola AGAL en colaboración coa SXPL:

- **Musicando Carvalho Calero**, un concurso de votación en liña no que hai que escoller tres das dez cancións finalistas. O prazo para votar remata o 30 de outubro: <https://carvalho2020.gal/musicando/?lang=gl>.

Ademais dos anteriores recursos xerais para traballar en galego, pretendemos chegar a acordos cos distintos departamentos do instituto para que cada profesor, nas súas aulas, valore o uso do galego oral e escrito no alumnado como unha parte máis da avaliación da materia que imparte.

Queremos fomentar o uso das novas tecnoloxías creando un apartado para o Equipo de Dinamización da Lingua Galega na páxina web do instituto: www.edu.xunta.es/centros/iesoteropedrayocoruna onde se colgarán todas as novas, as fotos, videos, presentacións e o proxecto do Equipo. Tamén tentaremos retomar a revista dixital do centro e seguir mantendo e actualizando o blogue (**Gastalingua.blogspot.com** –aptdo. EDLG) para que o alumnado e o profesorado poida ver e subir novas sobre a nosa lingua, a nosa música, os deportes, as lecturas, as viaxes, as afeccións, etc, podendo subir fotos, vídeos, etc, que estean relacionados coa nosa cultura.

- Coma en anos anteriores, colocaremos no taboleiro de Normalización e Dinamización Lingüística novas sobre a nosa lingua e cultura e ademais os distintos traballos do alumnado que

se irán renovando periodicamente, así como as convocatorias de concursos e os traballos gañadores cos nomes dos autores/as respectivos/as.

- Actualizaremos o estudo sociolingüístico do centro (se houber grandes diferenzas cos cursos precedentes) elaborando unha enquisa en 1º de ESO, para poder coñecer cal é a situación da lingua no centro e avanzar a partir desta realidade, aínda que non comprobamos diferenzas significativas.
- Realizaremos xogos nalgúns horas de titorías como *trivial.gz* (<http://www.as-pg.com/trivial.gz>), *Ophiusa (A terra dos mil ríos)*, o *Arcano* ou os do *Correlingua*, *Cantalingua*, pois cremos que o lecer é un bo espazo para aprender, e aprender xogando é a mellor forma de achegámonos á nosa literatura, á nosa historia, á nosa xeografía, a nós mesmos/as.
- Celebraremos o **Samaín** a finais de outubro na Biblioteca do Centro ou en cada unha das aulas pola excepcionalidade da pandemia con visionado de vídeos relacionados con esta tradición e con lecturas de textos escritos polo alumnado sobre medo, suspense, terror, etc, previa ambientación con velas, cabazas, música, etc. Esta actividade celébrase para os primeiros cursos da ESO en colaboración co Depto. da Biblioteca e o Depto. de Lingua Galega e tentarase gravar algún vídeo da mesma, así como recopilar os textos nunha pequena revista e realizar algún cómic dos mesmos.
- Faremos un concurso de presentacións en Power Point (texto e fotos) e/ou de vídeos por aula e nivel sobre a **violencia de xénero** para conmemorar dito día en colaboración coas titorías, e cos responsables do **Proxecto de Igualdade do Centro** cunha exposición de traballos realizados sobre este tema, así como un concurso de cartas e de tuits titulado ***Dillo a quen maltrata***.
- Convocarase un concurso de **tarxetas dixitais de Nadal e ou Aninovo** con lemas que fomenten o uso da nosa lingua. Premiaranse aquelas que resulten gañadoras e dixitalizaremos a mellor para felicitámonos o 2021 todos: alumnado, profesorado, familias.etc
- Construiremos unha **árbore** (espida) para colocar no recibidor do instituto antes das vacacións do Nadal e irémola vestindo **con tarxetas con textos e debuxos referidos ao Nadal e ao Aninovo**. Esta actividade realizarémola conxuntamente cos Dptos. de Educación Plástica, Lingua Galega, Tecnoloxía, Ciencias Sociais, etc.

- Como este curso non se pode realizar a **olimpíada de xogos tradicionais que viñamos facendo** en decembro como colofón do 1º trimestre do curso entre o alumnado e profesorado, tentaremos que fagan unhas presentacións dixitais na aula dos xogos tradicionais máis característicos de Galicia ou da comarca, ou dos máis coñecidos polas súas familias. O alumnado aprenderá as normas de cada xogo e exporallas aos seus compañeiros na aula. Organizarémola conxuntamente co Dpto. de Educación Física, Lingua Galega e Titorías.
- Realizaremos un **concurso de deseño de almanques** mensuais/ trimestrais **sobre a figura de Ricardo Carballo Calero ou outros persoeiros da nosa cultura para colocar nas aulas** e apuntar as datas de exames e traballos. O almanaque gañador editarase en cor en DIN-3 e terá que levar imaxes e texto de ditoautor/es.
- Convocaremos un **concurso de presentacións ou murais por aula e nivel sobre os autores que dan nome a cada unha das aulas** para realizar unha exposición dos mesmos e coñecermos mellor ditos autores. Os traballos dos gañadores plastificarémolos para que fiquen permanentemente en cada aula.
- Realizaremos **concursos trimestrais de vídeos en TIK TOK en galego** sobre aspectos relacionados coa nosa cultura ou lingua con doses de humor, vídeos que logo colgaremos no noso blog: *Gastalingua.blogspot.com*
- Abriremos unha conta en **INSTAGRAM (galegando)** para publicar imaxes, vídeos e textos de actividades realizadas engalego ou relacionadas coa nosa cultura.
- Realizaremos un **concurso trimestral de BOOK TRAILES** sobre obras lidas polo alumnado ou sobre textos escritos por eles. Os gañadores colgarémolos no noso blog.
- O alumnado dos cursos superiores irá (se for posible) aos cursos inferiores da ESO para una **actividade de contacontos e/ou recitado de poemas**, e no seu defecto farano na aula.
- Gravaremos en vídeo algunha das mellores lecturas dramáticas ou entrevistas do alumnado de Oratoria de 2º da ESO.
- Realizaremos un **par de programas de radio** dunha hora de duración cada un co alumnado de 2º e 3º da ESO en **radio CUAC FM**, dirixidos polos profesores do Equipo Félix Longueira e Antón Amil respectivamente **ese ofrecen esa posibilidade este curso**.
- Tentaremos elaborar unha **revista ou xornal do centro** en versión dixital e publicaremos

varios exemplares en papel para repartir entre a comunidade escolar. Necesitaremos maquetador. En caso contrario publicaremos todo o material no blog ***Gastalingua.blogspot.com***

- Concurso de **cartas e poemas de amor ilustrados** para celebrar o **día dos namorados**. Isto levarémolo a cabo co Dpto. da Biblioteca, de Galego, de E. Plástica e Visual e de Lingua Española.
- Estamos participando no **proxecto de IGUALDADE** que está levando a cabo o Centro, e nas actividades transversais que realiza.
- Seguiremos organizando a campaña de **HOXE EN GALEGO** unha vez ao trimestre como mínimo para toda a comunidade educativa, e o **DESAFÍO 48 HORAS EN GALEGO** con aquel alumnado que asine o seu compromiso, alumnado que formará parte do Equipo.
- Realizaremos **concursos de vídeo entre o alumnado** nos que as familias usen as súas **variantes dialectais** contando historias propias do lugar de procedencia de cada quen ou da súa familia.
- Participaremos no **club de lectura Bibliotero** en colaboración co Dpto. da Biblioteca, Lingua Española e de Lingua Galega, club que irmanaremos co do CPI de Coristanco.

- Realizaremos un **concurso-exposicion de cartaces** sobre a **Igualdade de xénero** para conmemorar o **día da muller traballadora** en colaboración co Depto. de E. Plástica e co profesorado delgualdade.
- Participaremos nas **actividades do entroido** (se se puidesen realizar) con creación de textos orixinais e imaxes dos mesmos a xeito de **TELÉFONO ESTROPEADO** (Texto-imaxe, texto-imaxe, etc,etc).
- Conmemoraremos o **día do libro e da poesía** con recitados de poemas e textos en colaboración co Equipo da Biblioteca, de Lingua Galega e de Lingua Española.
- O alumnado e o profesorado realizará un **recitado dramatizado de poemas** nas aulas para conmemorar o **día de Rosalía de Castro**, e unha audición musical de textos da autora. Participaremos igualmente na actividade sobre Rosalía que a AELGA e a Fundación Manuel María propón cadaano se é posible.
- Se a pandemia o permite, realizaremos **charlas con escritores**, actores ou deportistas de elite, ou ben obradoiros literarios para todos os niveis colaborando co departamento de Lingua Galega, Biblioteca, ... e con editoriais: Xerais-Anaya. Oxford. Galaxia, Rodeira. Santillana, Everest...
- Tentaremos traer algún **Taller** de Iniciación á Lectura (conta contos) ou á creación literaria popular ou culta (**regueifas**, relatos, poemas, etc.) se se puider.
- A semana das **Letras Galegas** realizaremos unha **exposición de** cartaces dos autores galegos que foron homenaxeados até agora e exporemos, ademais, libros con recensións, tarxetas, fotos, etc. do autor ao que se lle adican este curso.
- Conmemoraremos o Día das **Letras Galegas** con **concursos literarios de relatos, de poesía**, de dramatizacións, de recitados de poemas e/ou de conta-contos.
- Participar no **concurso de elaboración do manifesto** (enviaremos 4 manifestos) e **no vídeo** do **Correlingua 2021, no Cantalingua**, e na propia concentración **se a houber** con pancartas e coas camisetas deseñadas por nós en cursos anteriores, e no **Tíralle da lingua**, así como en calquera outro concurso que xurda durante o curso e que estea relacionado co uso da **lingua oral** como o **Concurso de Monólogos do concello** no que xa participamos algún ano.

- **En colaboración** cos departamentos de **Lingua Galega e Ciencias Sociais** realizaremos saídas de carácter didáctico, **se podemos**, nas cales o alumnado coñeza a vida e obra dalgún persoeiro da cultura galega ao tempo que estudan o contorno xeográfico, histórico e artístico da zona visitada. Os **roteiros** que realizamos habitualmente son: R. Oteriano para os de 4º de ESO (que este curso non faremos), R. Rosaliano para os de 3º (abril), R. Pondaliano para os de 2º (abril), a Casa de Manuel María ou o roteiro pola nosa cidade para os de 1º (en maio). No caso de non poder realizalo amosarémolos nas aulas.
- Elaboración de cartaces relacionados coa lingua galega e a súa lexislación que recollan os dereitos lingüísticos dos cidadáns e do alumnado, en particular, que se instalarán nas aulas e no taboleiro de normalización, renovándose periodicamente.
- Realización dun díptico con recursos en galego, páxinas web, blogues, etc, para que sirvan de axuda ao profesorado, alumnado, familias e persoal non docente.
- Mantemento do espazo “**O recanto dos artistas**” no que o alumnado poida colgar as súas creacións: poemas, relatos, cómics, letras de cancións, etc. Os seleccionados colgaranse no apartado do Equipo da nosa web: www.edu.xunta.es/centros/iesoteropeyocoruna e/ou no nosoblog.
- Intentaremos manter o **intercambio lingüístico-cultural** co CPI “Alcalde Xosé Pichel” de Coristanco nunha xornada de convivio, e continuaremos co **irmanamento dos Clubs de Lectura** de ambos centros a través dun blog en colaboración coa Biblioteca e o Depto. de

Galego. Tentaremos que teñan un contacto previo en galego a través de cartas persoais manuscritas e das novas tecnoloxías: twenti, Twitter, WhatsApp, Instagram, correos, etc.

No caso de poder xuntarnos, ese día celebraremos unas **olimpiadas de xogos tradicionais** entre o alumnado e profesorado dos dous centros. Organizarémola conxuntamente co Dpto. de Educación Física, Lingua Galega e Ciencias Sociais. Efectuarase unha recollida previa dos xogos máis típicos da comarca ou dos máis coñecidos polas súas familias. O alumnado dará unha pequena información sobre os mesmos antes de comezar o xogo. Este ano sortearemos que centro recibe e, polo tanto, organice toda a xornada de convivio visitando lugares e monumentos de interese. **Todo isto se se puiden**.

- Colaboración co Centro Cívico de Monelos fomentando a participación do noso alumnado nas actividades en galego que nel se realicen.
- Participar na Rede de Dinamización Lingüística da SXPL e nas actividades que esta propoña, así como nas da CGENDL, colaborando fundamentalmente cos EDLG dos Centros do noso contorno.

As actividades programadas neste Plan de potenciación están pensadas para motivar os membros desta comunidade educativa a usar o galego tanto nos aspectos formais como informais. Así mesmo, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega realizará un seguimento do uso que da lingua galega faga nas aulas o profesorado e o alumnado, especialmente naquelas materias que é prescritivo na Lei de Normalización Lingüística e no Decreto de Plurilingüismo actual. Este curso todas estas actividades están condicionadas polo protocolo COVID-19.

Asdo: O Coordinador



X Antón Amil García

IES *Ramón Otero Pedrayo* da Coruña

A Coruña, a 26 de outubro de 2021

